



Contrato de servizos
Procedemento aberto simplificado
Tramitación ordinaria

<i>Documento</i> CON13I21T	<i>Expediente</i> CON/75/2018	<i>Data Creación:</i> 26-11-19 08:55
-------------------------------	----------------------------------	---

ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Prestación do servizo da diagnose, reparacións urxentes e plan de mantemento dos muros de contención de titularidade municipal do barrio de Fontiñas.

TIPO DE LICITACIÓN: 25.000 euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto simplificado.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 23 de xaneiro de 2020, ás 9.45 horas.

ASISTENTES:

Presidente: José Javier Fernández Martínez.

Vogais: Antonio Ranedo Santillana, xefe do Servizo de Proxectos e Obras
Berta Rosón López, en representación da Intervención Xeral.
Iñaki Bilbao Castro, letrado da Asesoría Xurídica municipal.

Secretario: Román Otero Ferreiro, xefe da Sección de Contratación.

A mesa de contratación procede ao exame do informe valorativo realizado polos técnicos municipais sobre os criterios de adxudicación dependentes dun xuízo de valor, do que realiza unha breve exposición o técnico redactor Miguel Fernández Solís, enxeñeiro municipal, e no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador. Do mesmo resulta que a empresa UTE TERRAE GEOCONSULTING – TEMHA non sobrepasa o umbral mínimo de puntuación fixado no prego para avanzar á seguinte fase, polo que non continúa no procedemento.

Este informe conta co voto favorable de todos os membros da mesa en canto ao seu contido e conclusións, e incorpórase ao expediente.

A continuación lévase a cabo a apertura dos arquivos electrónicos que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	PREZO OFERTADO (euros IVE excluído)
1	QUADRADO VERDE S.L.	22.250
2	INGENIERIA DEL NOROESTE SL	19.600
3	Ingeniería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (iPRENOR)	22.970

Rematada a apertura, a mesa acorda o traslado desta documentación aos técnicos municipais para os efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles.

Ás 10 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA**

O SECRETARIO DA MESA